



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Boletín 11

18 de novembro – 22 de novembro

Actividades Culturais

TÍTULO: CineFilo, *outono-inverno* 2024

ORGANIZACIÓN: Decanato, Área de Filoloxía Catalá

CONTACTO: proxecto.cinefilo@usc.gal; dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN: [@CineFilo.USC](https://www.instagram.com/CineFilo.USC)

DATAS: 19 de novembro de 2024 **HORA:** 17.00 – 20.00 h

LUGAR: Auditorio da Facultade de Filoloxía

DESCRIZACIÓN: O vindeiro día 19 de novembro, ás 17.00 horas, CineFilo terá a súa cuarta sesión do cuarto ciclo co filme *To Kill a Mockingbird*, dirixido por Robert Mulligan.

A encantadora e mundialmente exitosa novela iniciática *To Kill a Mockingbird* (1960), da escritora estadounidense Harper Lee, contada dende a perspectiva dunha nena, foi canonizada axiña como habitual lectura escolar nos Estados Unidos e adaptada ao cine con non menos éxito en 1962. Tanto a novela como o filme causaron tal impacto antirracista que deron un gran impulso ao entón emerxente movemento polos dereitos civís nos Estados Unidos, contribuíndo decisivamente á fin da segregación dos afroamericanos. A influencia conciencizadora do libro e aínda máis do filme no século XX pode compararse coa exercida pola novela *Uncle Tom's Cabin*, da antiescravista Harriet Beecher Stowe, no século XIX. O sempre progresista e humanista actor Gregory Peck identificouse plenamente co íntegro avogado antirracista Atticus Finch, protagonista da película, pois en realidade este personaxe lle deu a oportunidade de interpretarse a si mesmo, polo que foi recompensado cun óscar e con numerosos recoñecementos. O título fai referencia a que non se debe matar ou maltratar aquilo que é inocente, como o sinsonte, o paxaro cantor americano aludido, equivalente ao reiseñor europeo.



CineFilo presenta
To Kill a Mockingbird
Martes 19 de novembro de 2024, 17:00 h
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC
Actividade aberta e de balde certificada con 1 crédito ECTS pola USC
Coa participación de Claudio Rodríguez Fer

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA
CENTRO DE LINGÜAS MODERNAS
LLU institut ramon llull Lièngua i cultura catalanes
USC APODERTEIADORA DE ESTUDANTES E CULTURA

Actividades Culturais

TÍTULO: “Pompeu Fabra: una jugada mestra!” (representación teatral en catalán)

ORGANIZACIÓN: Área de Filoloxía Catalá, Departamento de Filoloxía Galega, Institut Ramon Llull

DESTINATARIOS/AS (opcional): Alumnado de lingua e literatura catalás da Facultade de Filoloxía e do Centro de Linguas Modernas, e persoas interesadas no tema do establecemento das regras do catalán estándar

CONTACTO: rosa.olle@usc.es

DATAS: 21 de novembro de 2024

HORA: 19.00 h.

LUGAR: Auditorio da Facultade de Filoloxía

DESCRICIÓN: Actividade teatral baseada na figura do autor da lingua catalá estándar e nas razóns polas que se chegou á normativa actual do catalán.

Sinopse: Pompeu Fabra, un apaixonado tenista, propuxo unhas regras para o catalán que foron aceptadas e compartidas por todos.

Este é o punto de partida dun espectáculo que utiliza a metáfora do deporte para introducirnos na dimensión científica, humana e cidadá do xenio organizador da lingua catalá.

POMPEU FABRA: UNA JUGADA MESTRA!

Texto: Òscar Intente e Maria Pla
Interpretación: Òscar Intente
Dirección: Maria Pla

21 DE NOVIEMBRE DE 2024 | 19 H

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Salón de actos - Auditorio da Facultade de Filoloxía



llll institut
ramon llull



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Actividades Culturais

TÍTULO: Exposición de carteis de cinema cubano

ORGANIZACIÓN: Cátedra de Cultura Latinoamericana Alejo Carpentier, Decanato da Facultade de Filoloxía

CONTACTO: cultlatinoameric@usc.gal

LIGAZÓN:

<https://www.usc.gal/gl/usc/mecenado/catedras/alejo-carpentier>

DATAS: 18 de outubro de 2024 – 15 de xaneiro de 2025

LUGAR: Escaleiras da Facultade de Filoloxía



CÁTEDRA DE CULTURA
LATINOAMERICANA
Alejo Carpentier

Actividades/Informacións académicas

Enquisas de opinión do estudiantado sobre a docencia recibida no 1º semestre do curso 2024/2025

Prazo para cubrir as enquisas: dende o día 20 de novembro ao 10 de decembro de 2024 (ambos inclusive).

Actividades/Informacións académicas

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pd4_LDJX

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Seminario: “Adverbial change in Modern English: A diachronic view of sentence adverbs”

Relatora: Dra. Diana Lewis (Aix-Marseille Université)

ORGANIZACIÓN: ELC network (Rede de investigación English Linguistics Circle)

CONTACTO: ignacio.palacios@usc.es

DATAS: 19 de novembro de 2024

LUGAR: Actividade telemática. Inscripción: <https://forms.office.com/e/2XChaJvYU9>

HORARIO: 17:00 horas

DESTINATARIAS: Comunidade da facultade

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: <https://elc.org.es/>

DESCRICIÓN: Seminario de investigación



Actividades/Informacións académicas

OBRADOIROS PARA TFG/TFM



PROGRAMA E DESCRICIÓN DOS OBRADOIROS

Os obradoiros están abertos a todo o estudiantado da Facultade na sala B10. Evento de apertura: Martes, 19.11.2024, 16.00h.

	Martes, 19.11.2024	Mércores, 20.11.2024	
16.00 - 16.45	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico I</i>	Mario Cal Varela <i>A xestión da bibliografía mediante Zotero*</i>	NOVEMBRO 2024
17.00 - 17.45	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico II</i>	Nuria Rodríguez Pedreira <i>Como redactar o TFG en francés? Pautas e consellos</i>	
18.00 - 18.45	Javier Gutiérrez Carou <i>Trucos e atallos en Word</i>		

*Para este obradoiro rógase levar un computador portátil.

OBRADOIROS PARA TFG/TFM



Martes, 19 de novembro de 2024

16.00-17.45

María Teresa Sanmarco Bande

Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico

Este obradoiro trata, dun xeito global, os aspectos relacionados coa presentación oral dun traballo (no noso caso, o TFG/TFM). Neste contexto, cómpre ter en conta unha serie de elementos fundamentais: a preparación dos contidos que se van expoñer, o mellor xeito de presentalos, o que debemos evitar. Os exemplos centraranse na defensa do TFG/TFM, pero poderíanse extrapolar a calquera contexto no que a expresión oral sexa determinante.

18.00-18.45

Javier Gutiérrez Carou

Trucos e atallos en Word

No seminario explicaranse algunhas opcións sencillas que permiten axilizar algúns procesos. En particular traballárase sobre:

- Personalización da fita de opcións.
- Personalización da barra de ferramentas.
- Eliminación de opcións predeterminadas de formato.
- Creación de elementos de autotexto.

OBRADOIROS PARA TFG/TFM



Mércores, 20 de novembro de 2024

16.00-16.45

Mario Cal Varela

A xestión da bibliografía mediante Zotero

Un dos principais retos aos que se enfrenta quen ten que desenvolver un traballo académico de certa envergadura como un TFG ou un TFM é a lectura e xestión da literatura científica sobre o tema. Hai ferramentas informáticas específicas para organizar e tirarlles o maior partido posible a esas lecturas, sen que nos desborden. Neste obradoiro presentarase unha desas ferramentas, Zotero, e explicaranse as súas funcións básicas.

Zotero é un xestor bibliográfico de código aberto que permite organizar documentos, anotalos, comentalos ou compartilos e facilita enormemente o traballo de inserción de referencias no texto e a elaboración da bibliografía final do TFG/TFM. Dispón dunha extensión para integrar as buscas bibliográficas realizadas a través do navegador (Chrome, Firefox ou Safari) e permite inserir referencias nun documento de Word ou LibreOffice e xerar automaticamente unha lista de referencias citadas no traballo co formato desexado polo autor (APA, Chicago, etc.).

Rógase que cada participante leve un computador portátil.

17.00-17.45

Nuria Rodríguez Pedreira

Como redactar o TFG en francés? Pautas e consellos

Este obradoiro ten como propósito ofrecer pautas, habilidades e destrezas para a redacción do TFG en francés. Abordaremos os signos de puntuación, a acentuación de palabras, o uso de conectores e aclararemos mediante exemplos como, onde e cando citar, así como outras cuestións bibliográficas.

Organización: R. Marta Gómez Pato (gomez.pato@usc.gal), Decanato da Facultade de Filoloxía

Actividades/Informacións académicas

OBRADOIROS PARA TFG/TFM



PROGRAMA E DESCRICIÓN DOS OBRADOIROS

Os obradoiros están abertos a todo o estudiantado da Facultade na sala B10. Evento de apertura: Martes, 25.02.2025, 16.00h.

	Martes, 25.02.2025	Mércores, 26.02.2025	Xoves, 27.02.2025			
16.00 - 16.45	Xulio César Sousa Fernández <i>Autoría e plaxio nos traballos académicos</i>	Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy <i>Redacción académica en francés: estratexias de argumentación, cohesión e estilo</i>	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico I</i>	18.00 - 18.45	Jorge Fernández Avilés <i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus I: LancsBox*</i>	José Virgilio García Trabazo <i>Lingüística Indoeuropea: etimoloxía, comparación, reconstrución</i>
17.00 - 17.45	Manuel Negri <i>Valorar a bibliografía co (e no) medio dixital</i>	Cristina Mourón Figueroa <i>O principio do fin ou como 'finiquitar' o TFG: dándolles voltas ás conclusións</i>	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico II</i>	19.00 - 19:45	Iván Arias Arias <i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus II: Sketch Engine*</i>	

*Para estes obradoiros rógase levar un computador portátil.

Organización: R. Marta Gómez Pato (gomez.pato@usc.gal). Decanato da Facultade de Filoloxía

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Chamada a contribucións das IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura 2025

ORGANIZACIÓN: Estudantes do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura

CONTACTO: xornadasusc2025@gmail.com

DATAS: 19, 20 e 21 de marzo de 2025

LUGAR: Auditorio e Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: Por determinar


DESTINATARIAS: Comunidade da facultade

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:

<https://www.instagram.com/xiiiiecusc/?hl=es> + <https://x.com/xiiiiecusc>

DESCRICIÓN: As IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura (IV XIIIIELC) pretenden promover a difusión do labor investigador levado a cabo polo estudiantado de doutoramento e mestrado en estudos da literatura e a cultura. Nesta ocasión celebrarse baixo o tema transversal dos “Problemas epistemolóxicos e metodolóxicos”.

A **recepción de propostas** de comunicación oral e póster está aberta **até o 17 de decembro de 2024**. Pode consultarse toda a información nas nosas redes sociais ou [nesta ligazón](#).



Actividades/Informacións académicas



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CONFERENCIA

*Desmontando estereotipos. Especificidades de
la enseñanza aprendizaje de ELE*

**Mercedes Vázquez Vázquez
(University of Hong Kong)**

Data: 19 de novembro de 2024

Hora: 11.00 horas

**Centro: Salón de Graos (a conferencia terá lugar por
videoconferencia)**

Organiza:

Seforin (Seminario de Formación e Innovación)

Mestrado MiLA

Facultade de Filoloxía - Universidade de Santiago de Compostela (Proxecto colaborativo "De Compostela a Hong Kong: cruce de miradas sobre a paisaxe lingüística")

SEFORIN

MiLA
Máster Interuniversitario
en Lingüística Aplicada

Actividades/Informacións académicas



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CONFERENCIA

Corpus, dicionarios de frecuencias y distribución del léxico

Profesor Guillermo Rojo (USC)

Data: Cuarta feira 20 de novembro de 2024

Hora: de 17:30 ás 19:00 horas

Centro: Facultade de Filoloxía (USC) Aula C10

Organiza:

Seforin (Seminario de Formación e Innovación)

Mestrado MILA

Facultade de Filoloxía - Universidade de Santiago de Compostela

SEFORIN

MiLA
Máster Interuniversitario
en Lingüística Aplicada

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Entre la arena y el papel: la literatura de la Ruta de la Seda en la perspectiva china

ORGANIZACIÓN: Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura

CONTACTO: cesar.dominguez@usc.gal


DATAS: martes 19 de novembro

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía


HORARIO: 15:00—16:00 h.

DESTINATARIAS: Comunidade da facultade

DESCRICIÓN: O Roteiro da Seda, unha rede comercial milenaria, entrelazou tradicións e creado un vasto legado literario que conecta Oriente e Occidente, deixando unha profunda pegada na literatura mundial. Propoñemos un percorrido polos testemuños desta rica herdanza: desde épicos orais, relatos de viaxeiros e crónicas históricas que capturaron o espírito dos seus tempos, ata memorias, poesía e novelas que transcenderon fronteiras. Cada obra é reflexo de como as ideas e tradicións literarias cruzaron desertos e mares, creando un diálogo único entre civilizacións e formando un mosaico literario de expresións compartidas. Exploraremos o fluxo de ideas e estilos narrativos que o Roteiro da Seda inspirou ao longo dos séculos, resaltando a súa relevancia na literatura actual. En particular, as obras contemporáneas sobre o Roteiro abordan temas universais de identidade e migración, conectando pasado e presente nunha reflexión sobre o sentido de pertenza e o intercambio cultural. Analizaremos tamén os desafíos que enfrenta o seu estudo e reinterpretación na China actual, destacando como o Roteiro segue actuando como unha ponte intercultural que enriquece e amplía a nosa comprensión do mundo literario. Convidamos os asistentes a descubrir o Roteiro da Seda como un vínculo literario vivo, que une historias, linguas e almas a través do tempo.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



FACULTADE DE FILOLOXÍA


Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura

martes 19 de novembro de 2024
Salón de graos, 15:00hs.

Prof.ª Yu Man
(Universidade de Estudos Internacionais de Xangai)

Entre la arena y el papel: la literatura de la Ruta de la Seda en la perspectiva china

Co patrocinio do Seminario de Formación e Innovación para o alumnado de mestrado



Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Simposio ILG 2024. Cultura Impresa: materialidades, paradigmas e restos epistémicos

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

CONTACTO: pablogarcia.martinez@usc.gal

DATAS: 27 e 28 de novembro de 2024

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: mércores 27, desde as 15:45 h ata as 19:30 h. Xoves 28, desde as 10:00 h ata as 19:30 h.

LIGAZÓN: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2024>

DESCRICIÓN: Nas últimas décadas, a emerxencia dun campo dos estudos da cultura impresa en que o obxecto libro perde centralidade abre un escenario novo. O estudo de revistas efémeras ou de publicacións híbridas editadas artesanalmente sinala novas liñas de fuga cara a traballos pendentes. A diversidade destes obxectos favorece, forzosamente, unha reflexión sobre a materialidade das follas impresas, axudando así ao establecemento de pontes que poñen en diálogo os estudos de lingua e literatura con outras disciplinas como os estudos das artes visuais, os estudos culturais ou a historia social. Desde 2022, o Instituto da Lingua Galega acolle un grupo de investigación que traballa nesta liña e, neste ano 2024, os estudos da cultura impresa protagonizan o seu simposio anual.

SIMPOSIO ILG 2024

CULTURA IMPRESA:
MATERIALIDADES, PARADIGMAS
E
RETOS EPISTÉMICOS



27-28/11/2024

Facultade de Filoloxía USC



Escanéame

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Curso en competencias en información para TFG

DESTINATARIAS/OS: PDI e estudiantado

ORGANIZACIÓN: Biblioteca

CONTACTO: daniel.cuevas@usc.es

DATAS: Matrícula do 14 ao 27 de outubro 2024

Realización: do 28 de outubro ao 28 de novembro

LUGAR: Aula virtual

DESCRIPCIÓN: O curso está dirixido ao alumnado que vaia realizar o TFG. Está deseñado para coñecer os recursos TiC da USC, ensinar a buscar información, organizala e xestionala eficazmente e tamén como tratar e difundir esa información.

A matrícula realízase a través da Secretaría virtual da USC, a duración é de 4 semanas, son 25 horas e a USC reconece esta actividade con un crédito ECTS. A BUSC emitirá un diploma unha vez superado o curso.

Estará accesible a partir do 28 de outubro no Campus virtual.



**Área
ARTES E
HUMANIDADES**

**COMPETENCIAS
EN INFORMACIÓN
PARA TFG**

NIVEL AVANZADO, 1ª ED.

Vas facer o TFG e non sabes por onde empezar?

INSCRÍBETE!

CURSO EN LIÑA

INSCRÍBETE NA SECRETARÍA VIRTUAL. CÓDIGO: BUSC.2425.5
Matrícula: 14-27 outubro de 2024. Inicio e Fin: 28 out. - 28 nov.

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Apertura do período de solicitude de prazas e bolsas no Máster Erasmus Mundus en Lexicografía

DESTINATARIAS/OS: Estudantado que desexa cursar un mestrado

ORGANIZACIÓN: Mestrado Mundus en Lexicografía - EMLex

CONTACTO: emlex.erasmus.mundus@usc.gal

DATAS: Período aberto até o 3 de febreiro de 2025

LIGAZÓN: <https://emlex.eu.usc.gal/web/>

ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA
MEI



IRIA
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

ESTAMOS NO LOCAL DE ESTUDANTES!!

TERCEIRO ANDAR (AULAS C) ENTRE OS BAÑOS E AS AULAS PEQUENAS

LUNS 11-12:H SARA
MARTES 11-12H IRIA
XOVES 11-12H SARA
VENRES 11-12H IRIA

TAMÉN PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:

SARAMEI.FERRO@RAI.USC.ES


IRIA.LINARES@RAI.USC.ES



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



← Filoloxía USC
70 Tweets



Edit profile

Filoloxía USC

@filoloxia

Conta oficial da Facultade de Filoloxía da USC

facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia

A biblioteca de Filología está en Instagram e Facebook!



@busc_filologia



@buscfilologia

